

**NUM-CONSULTA:** V0001-22

**ÓRGANO:** SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

**DATA DE SAÍDA:** 03.03.2022

**NORMATIVA:**

Artigo 14.Oito do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG).

**DESCRICIÓN-FEITOS:**

A consultante foi beneficiaria dunha orde de protección no ámbito de violencia de xénero, segundo medidas ditadas por un Xulgado de Instrución, que estivo vixente ata setembro do 2010.

**CUESTIÓN FORMULADA:**

Solicita coñecer se se atopa en situación de violencia de xénero aos efectos de poder aplicar a bonificación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados na compra dunha vivenda.

**CONTESTACIÓN COMPLETA:**

En virtude das competencias atribuídas polo apartado 2.3 do artigo 5 do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (modificado polo Decreto 165/2021 do 10 de decembro), indícolle que a súa consulta está relacionada coas seguintes disposicións legais:

1. Artigo 14. Oito do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Legislativo 1/2011, do 28 de xullo (en diante TRTCG). Tipo de gravame aplicable na adquisición de vivenda habitual por vítimas de violencia de xénero:

*“Na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o tipo de gravame aplicable ás transmisións de inmobles que vaian constituír a vivenda habitual do contribuínte será do 3 %, sempre que este cumpra os requisitos seguintes:*

*1. Que na data de devindicación do imposto o adquirente se encontre nalgunha das situacións de violencia de xénero descritas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

*2. A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo o disposto na lei sinalada no apartado anterior.*

*3. Que o prezo da vivenda non exceda os 150.000 euros.*

*4. A adquisición da vivenda deberá documentarse en escritura pública, na cal se fará constar expresamente a finalidade de destinala a constituír a súa vivenda habitual.*

*5. No caso de que o inmovible fose adquirido por varias persoas e non se cumprisen os requisitos sinalados nos números anteriores en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicarase á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si os cumbran.”*

2. Artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Acreditación da situación de violencia de xénero:

*“Para os efectos da presente lei, a situación de violencia acreditarase por calquera das seguintes formas:*

*a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.*

*b) Sentenza de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.*

c) *Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.*

d) *Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.*

e) *Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.*

f) *Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.*

g) *Calquera outras que se establezan regulamentariamente."*

3. Artigo 21.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

*"El devengo es el momento en el que se entiende realizado el hecho imponible y en el que se produce el nacimiento de la obligación tributaria principal.*

*La fecha del devengo determina las circunstancias relevantes para la configuración de la obligación tributaria, salvo que la ley de cada tributo disponga otra cosa."*

4. Artigo 49.1 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados:

*"El impuesto se devengará:*

a) *En las transmisiones patrimoniales, el día en que se realice el acto o contrato gravado.*

b) *En las operaciones societarias y actos jurídicos documentados, el día en que se formalice el acto sujeto a gravamen."*

Con base nas disposicións citadas, e acerca da consulta formulada infórmolle que:

O TRTCG establece no artigo 14. Oito.1 como un dos requisitos para poder aplicar o tipo de gravame reducido do 3% que a persoa adquirente da vivenda se atope no momento da devindicación do imposto nalgunha das situacións de violencia de xénero e que esta se deberá acreditar segundo calquera das formas que regula a propia Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Neste caso, segundo a documentación achegada, queda acreditado que foi vítima de violencia de xénero e que contou cunha orde de protección nese ámbito ata setembro de 2010 pero non consta na mesma que esas medidas estean vixentes no momento de facer a consulta, requisito que debe concorrer no momento da adquisición da vivenda habitual para poder aplicarse o tipo de gravame reducido do 3%.

Polo tanto, no caso de que se acredite que no momento de realizar a adquisición da vivenda habitual se atopa na situación de violencia de xénero por algunhas das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, sería aplicable a dedución prevista no artigo 14. Oito TRTCG.

O que lle comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 89 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.